



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECRETARÍA XERAL. SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

ACTA DE ENTREGA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA ESTRADA PROVINCIAL A FAVOR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.

En virtude do artigo 18.8 do Decreto 66/2016 de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, procédese a publicar a acta de entrega de cambio de titularidade dunha estrada provincial, asinada entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Outeiro de Rei.

- ACTA DE ENTREGA DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-3907 LU-P-3907 "ARCOS (LU-P-1109) - VILAR - CEAO", ENTRE O PQ 3+165 E O PQ 5+510. CUNHA LONXITUDE DE 2.345,00 M., A FAVOR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, ASINADA O 19 DE SETEMBRO DE 2024 BAIXO O CSV IV7USSINZMUNKSOMCH5EGRIEOU

Estrada	Denominación da estrada	PQ _i	PQ _f
LU-P-3907	Arcos (LU-P-1109)-Vilar-Ceao	3+165	5+510

Lugo, 9 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3954

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Alfoz en data 4 de decembro de 2024 adoptou un Decreto que di:

1.- Delegar no concelleiro don Juan José Fraga Paz, con DNI número ***9608** a celebración do matrimonio civil entre don David Rodríguez Moledo, con D.N.I. número ***8103** e dona Nataly Jorleis Cabarcas Herrera, con Pasaporte número ****5045, a celebrar o día 13 de decembro de 2024 ás 12:00 horas nesta Casa Consistorial do Concello de Alfoz.

2.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro.

Alfoz, 4 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3947

CARBALLEDO

Anuncio

NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CARBALLEDO

Unha vez finalizado o proceso selectivo convocado polo sistema de concurso para o ingreso en unha praza de Educador/a familiar, pertencente á Escala de administración especial, subescala técnica, grupo II, incluída na OPE extraordinaria do Concello de Carballedo para o ano 2022 (BOP do 11 de maio de 2024) a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 5 de decembro de 2024 acordou nomear como persoal laboral fixo do Concello de Carballedo aos candidatos propostos polo Tribunal cualificador que de seguido se relacionan:

EDUCACIÓN FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
RAQUEL VÁZQUEZ PÉREZ	*****591-H	Educación Familiar	II	Educador/a Familiar	Completa

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas no acordo da Xunta de Goberno para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

Carballedo, 9 de decembro de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3955

CASTRO DE REI

Anuncio

Téndose elevado a definitivo, ó non presentarse reclamacións, o acordo adoptado polo Pleno, en sesión celebrada o 24 de xullo de 2024, de aprobación inicial da **MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CASTRO DE REI**, publícase o texto íntegro da modificación definitiva para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 49, 65.2 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local:

MODIFICACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CASTRO DE REI

- Cambio de denominación da ordenanza que pasaría a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN, CULTURAIS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CASTRO DE REI, en vez de ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES DE CULTURAIS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE CASTRO DE REI

- Modificación do artigo 2 relativo a “concepto” co seguinte tenor literal:

“Consiste o obxecto deste prezo público a realización de actividades de conciliación, culturais, de lecer ou tempo libre, de competencia da entidade local, organizadas polo Concello de castro de Rei, sempre e cando non sexan feito impositivo dunha taxa, ou estean nos supostos de exención contemplados no artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ou sexan obxecto regulado noutra ordenanza deste Concello.”

- Modificación do artigo 4 relativo á “contía” co seguinte tenor literal:

“1. Aprobar o establecemento das seguintes contías do prezo público pola realización das actividades “Campamentos de verán” e “Madrugadores” nos seguintes términos:

Campamentos de verán:

- Importe 1º irmán: 80,00€ cada quincena
- Importe 2º irmán: 50,00€ cada quincena
- Importe 3º e seguintes irmáns: 25,00€ cada un deles por cada quincena.

Madrugadores:

- Cuota por Matrícula: 50,00€ por neno/a
- Cuota mensual: 1 hora e corenta e cinco minutos diarios: 30,00€

Matrícula: Cobrar nun único prazo.

Baixas na actividade: Terán efecto dende o día 1 do mes seguinte á solicitude de Baixa presentada no Rexistro Xeral do Concello.”

Engadir o seguinte:

“A modificación da ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme dispoñen os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o devandito acordo é firme na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de conformidade co previsto no art. 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Castro de Rei, 5 de decembro de 2024.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3948

A FONSGRADA

Anuncio

PADRON DA TAXA DE VADOS DO ANO 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía 2024-0614, o padrón da taxa de entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías de calquera clase do Concello de A Fonsagrada, para o exercicio do ano 2024 polo importe total de 6.565,64 €

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 4 de decembro de 2024.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 3949

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 569/2024, de data 9 de decembro de 2024, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2024, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no

artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 9 de decembro de 2024 ao 9 de febreiro de 2025.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 9 de decembro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3957

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 05.12.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 02.01.2025 ao 28.02.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 31.01.2025
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3958

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓN E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIRO CORRESPONDIENTE AO QUINTO BIMESTRE DE 2024.

- A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde Decreto número 2023-0180, do 26.06.2023) e en virtude de Acordo do 05.12.2024, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao cuarto bimestre de 2024, o cal se expón ó público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

- Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

- En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao cuarto bimestre de 2024.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 16.12.2024 ao 15.02.2025, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.11.2024
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n – 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 – Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 9 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3959

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en sesión celebrada o 11 de Novembro de 2024, expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito SC 1/2024 (Exp. 931/2024), financiado con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os inicialmente previstos no orzamento do exercicio 2024.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación		Descripción	Suplemento de crédito
Progr.	Económica		
161	209	Abastecimiento domiciliario de Agua. Cánones	4.851,83
165	227	Alumbrado público. Trabajos realizados por empresas	3.546,67
152	635	Vivienda pública. Mobiliario.	13.000,00
312	619	Servicios Asistenciales. Otras invs reposición bienes uso general	1.387,66
453	619	Carreteras. Otras invs reposición infraestructuras uso general. PEIM	20.559,95
920	130	Admon Gnal. Retribuciones personal laboral atrasos	15.649,91
920	120	Admon Gnal. Retribuciones personal laboral atrasos	8.125,88
920	160	Admon Gnal. Seguridad Social atrasos	5.192,73
920	131	Admon Gnal. Retribuciones personal laboral indemnizaciones	20.000,00
920	227	Admon Gnal. Trabajos realizados por empresas	9.000,00
920	462	Admon. Gnal. Tranfer EELL Convenio Pantón contabilidad	1.100,00
		TOTAL	102.414,63

Esta modificación finánciase con cargo a novos ou maiores ingresos nos seguintes termos:

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
		420	Participación nos tributos do Estado	102.414,63 €

Pantón, 11 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3965

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2025, mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2024, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 27 de abril, faise público que o dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, á cantidade de 2.273.900 euros.

ESTADO DE GASTOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Gastos de Persoal	772.100
2. Gastos corrientes de bens e servizos	563.600
3. Gastos financeiros	3.000
4. Transferencias correntes	57.600
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.396.300

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Inversións reais	837.600
7. Transferencias de capital	0
8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	40.000
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	877.600

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.273.900
---------------------------	-----------

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1. Impostos directos	377.000
2. Impostos indirectos	60.000
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	239.100
4. Transferencias correntes	952.400
5. Ingresos patrimoniais	5.000
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.633.500

B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. Enaxenación de inversións reais	1.100
7. Transferencias de capital	637.300
8. Activos financeiros	0
9. Pasivos financeiros	2.000
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	640.400

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.273.900
-----------------------------	-----------

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación e demais Organismos mencionados, que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

1) PLANTILLA 2025

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

ESCALA	SUBESCALA	P. TRABAJO	Nº PLAZ	GRUPO	N CD
Func. Habilitación Estatal	Secretaría-Interv.	Secretaría-Interv.	1	A2	26
Administración General	Administrativa	Administrativo	2	C1	22
Administración Especial	Servizos Especial.	Operarios Serv. Esp.	2	E	13
Administración Especial	Técnica	Traballadora Social	1	A2	22

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
Técnica	Axente Emprego e Desenvolvemento Local	

2) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	DOT.	C.DEST.	C.ESPC.	F. PROVIS.	ADSCRIPC. POSTO TRABALL.
Secretaría-Interv.	1	26	17.947,95	Concurso	Secretaría-Intervención
Administrativa	1	22	17.118,90	Oposición	Administración General - Advo
Administrativa	1	22	17.118,90	Conc-Op.	Admón Gral - Advo
Xefe Servizo Obras	1	13	9.898,20	Oposición	Admnist. Especial-Serv. Esp..
Servizos Especiales	1	13	9.461.34	Concurso	Administ. Especial-Serv. Esp.
Administ.Especial	1	22	5.866,82	Conc-Op	Traballador Social

B) PERSONAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ADSCRIPCIÓN	GRUPO
Axente Empleo e Desenvolvemento Local	1		A1/A2

PERSONAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABALLO	SITUACIÓN
Traballadora Social Auxiliar de Axuda a Domicilio	Traballadora Social 10 Postos Axuda a Domicilio	Xornada Completa "

PERSONAL LABORAL INDEFENIDO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABALLO	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de Axuda a Domicilio Encargada da Biblioteca	2 Postos Axuda a Domicilio Encarg. Biblioteca	Xornada Completa Xornada a tempo parcial

De conformidade co establecido no artigo 171.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o referido acordo definitivo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdición.

Riotorto, 5 de decembro de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3950

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos MC 19/2024 na modalidades de suplemento de crédito cuxo importe total é de 177.800,00 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	990.237,04 euros
Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos	580.491,10 "
Cap. 3 Gastos financeiros	3.500,00 "
Cap. 4 Transferencias correntes	60.600,00 "
Cap. 6 Inversións reais	1.331.690,79 "
Cap. 9 Pasivos financeiros	40.000,00 "
Total	3.006.518,93 euros

Riotorto, 5 de decembro de 2024.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3951

O SAVIÑO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2024/0427, de data 4 de decembro de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviño correspondentes ao mes de novembro de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviño, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fixase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviño. 5 de decembro 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3952

CONSORCIO LOCAL OS PEARES

Anuncio

Por Resolución de la Presidencia, de fecha 30 de diciembre de 2022, se aprobaron las bases y la convocatoria para la selección de Personal mediante concurso, de 1 plaza de auxiliar administrativo, a media jornada, del Consorcio Local Os Peares, persoal laboral fijo, acogido al proceso de estabilización de empleo temporal del Consorcio Local Os Peares. Se abre el plazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles a contar desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial del Estado.

En el tablón de Anuncios del Consorcio Local Os Peares, aparecen integramente publicadas las bases que deben regir la convocatoria y el proceso de selección. Los sucesivos anuncios de esta convocatoria se publicarán en el tablón de Anuncios del Consorcio Local Os Peares.

Os Peares, 5 de diciembre de 2024.- El Presidente, D. Manuel Seoane Rodríguez.

R. 3953